

A CULTURA POLÍTICA¹ DOS ESPAÑOIS: ORIXES E CARACTERÍSTICAS

BENITO CAO LÓPEZ

Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras clave: *Cultura política; Intolerancia; Amiguismo; Caciquismo; Franquismo; Transición; Democracia; Apatía política*

Key words: *Political culture; Intolerance; Amicisism-jobs for the boys; Caciquism-local political bosses' power; Franquism-General Franco's dictatorship; Transition; Democracy; Political apathy.*

Resumo

Este ensaio ten como obxecto ofrecer unha breve descrición da cultura política española. Para iso, iniciarei o desenvolvemento con dous breves apuntamentos. O primeiro referido ó trazo máis asociado á personalidade colectiva española durante séculos: a intolerancia. O segundo, referido a dúas prácticas "políticas" moi enraizadas na nosa historia: o amiguismo e o caciquismo.

O núcleo básico do desenvolvemento comprenderá unha análise da orixe da actual cultura política española, situada nos recentes acontecementos históricos (basicamente, o franquismo e a transición); e unha descrición das súas características máis relevantes, cunha breve valoración persoal dos seus efectos sobre a democracia actual.

Abstract

This paper offers a brief description of Spanish political culture. In this way, two short specifications are put forward. The first one is referred to the trait mostly associated with Spanish collective personality for centuries: intolerance. The second deals with two of the most deep-rooted "political" practices in our history: "amicisism" and "caciquism".

The basic nucleus of discussion will be taken up by an analysis of the origin of current Spanish culture in the light of recent historical events - basically "franquism" and transition; and a description of their most relevant characteristics together with a brief personal assessment of their effects on the present democracy.

1. INTOLERANCIA E INDIVIDUALISMO

A intolerancia, ligada a un individualismo insolidario², é o trazo máis salientable da personalidade colectiva dos españois que afecta ó comportamento político. Este compoñente da nosa cultura política foi reflectido tradicionalmente por novelistas, historiadores e filósofos, cando menos dende o século XVI. A partir do reinado dos Reis Católicos, reforzouse o aparato de Estado, cunha represión permanente das lexítimas peculiaridades político-culturais e relixiosas de importantes minorías existentes no país. A busca da uniformidade (non só da unidade) orixinou constantes conflitos e xerou unha fonda división interna, con culturas políticas hostís e igualmente intolerantes. Esta división deu lugar á denominación das dúas Españas (Cazorla, 1990, pp. 260-268).

Estes comportamentos permaneceron ata a nosa historia recente, aínda que parecen ter remitido nas dúas últimas décadas. Esta é a conclu-

sión máis importante que se deduce dos numerosos estudos realizados ó respecto dende os anos setenta³.

2. AMIGUISMO E CACIQUISMO

Estes dous fenómenos foron e, en certa medida, continúan sendo compoñentes tradicionais da nosa cultura política. En ámbolos dous casos, o que está detrás destes comportamentos é a utilización das relacións persoais como medio de conseguir determinados beneficios (económicos, electorais, etc.) e privilexios, por vías non institucionais, ou forzando ás mesmas.

O *amiguismo*, dende o punto de vista xeral da poboación, consiste en utilizar recomendacións persoais e amizades intermediarias para resolver asuntos burocráticos. Pero, o amiguismo tamén funciona no ámbito da elite política. Neste caso, a rede de amizades constituíu “unha importante axuda política e un medio de recrutar adeptos, de conexión de intereses e de comunicación política” (Gunther, 1992, p. 32). O amiguismo resultou un importante mecanismo de recrutamento das elites políticas e dos grupos de presión. As redes de amizades aparecen, en moitos estudos recentes, como estruturas básicas sobre as que se organiza un partido. Así, pois, o amiguismo é unha práctica tradicional entre a poboación española, que adquire especial relevancia en relación coas de elites. Este fenómeno foi perdendo importancia a medida que se produciu o desenvolvemento económico e cultural da sociedade. A educación, a alfabetización aumentaron a capacidade dos cidadáns de actuaren por eles mesmos.

O caciquismo⁴ tamén estivo presente ó longo da nosa historia, funcionando como un mecanismo de compra de vontades políticas. Esta práctica foi institucionalizada no período da Restauración Borbónica, durante o modelo de goberno turnista de Cánovas e Sagasta. Dende aquela, as redes clientelares foron un elemento fundamental na nosa política. O caciquismo tamén observou un forte retroceso, debido a que o éxodo rural contribuíu a unha ampla urbanización e á progresiva desaparición das subculturas parroquiais aldeás, que constíúen o terreo ideal para o mantemento das redes clientelares.

Pero, a pesar de que ámbolos dous fenóme-

nos perderon relevancia, aínda non se pode falar da súa total desaparición. O caciquismo sobrevive actualmente en zonas rurais que aínda conservan en gran medida as características apuntadas como propicias para a súa existencia. O amiguismo parece ter diminuído tanto na sociedade coma entre a elite política española, pero as opinións pública acerca do favoritismo político no emprego público e no acceso a outros beneficios estatais nos anos oitenta indican que aínda non desapareceu (Gunther, 1992, pp. 28-34).

3. ORIXE DA ACTUAL CULTURA POLÍTICA ESPAÑOLA

Para referirse á actual cultura política da sociedade española é necesario encadrar-la análise dentro do marco histórico no que se foi conformando. Así, as referencias ó período franquista e á transición política cara á democracia son fundamentais para a súa explicación.

Para establecer este marco de referencia, deben destacarse cinco fenómenos de máxima importancia nas últimas décadas. En primeiro lugar, a guerra civil, que sufriu o 30% da poboación actual, e que foi transmitida ó resto como experiencias de vitoria e/ou derrota. En segundo lugar, o réxime autoritario baseado nunha vitoria militar, consolidado tras unha dura represión e que impulsou unha socialización política baseada en valores antidemocráticos, desmobilizadores e antipartidistas. En terceiro lugar, o proceso de industrialización dos anos sesenta, que orixinou cambios estruturais de longo alcance na actividade económica, a distribución da renda, a urbanización, a estratificación social, a educación e os estilos de vida. En cuarto lugar, a descomposición política do franquismo, iniciada nos anos setenta, que puxo de manifesto problemas graves de lexitimidade do réxime autoritario, evidenciou a súa falta de apoio en sectores crecentes da poboación e abriu as expectativas sobre un posible cambio de réxime. E, en quinto lugar, a instauración paulatina e pacífica dun sistema político democrático que ampliou as marxes de liberdade e información e consagrou as novas regras do xogo político (López Pintor, 1981; Montero e Torcal, 1990).

É necesario afondar un pouco máis na análise destes factores, xa que neles están as claves de

moitas das actuais características da cultura política española.

3.1. A GUERRA CIVIL

A análise da Guerra Civil non debe levarnos a descubrir nela unha causa da aparición da división social española (*as dúas Españas*), que aínda se “predica” actualmente, senón unha proba máis das moitas que existen na nosa historia da incapacidade para lograr un achegamento entre as fortes polaridades que exitiron na nosa vida política. Os debates entre monárquicos e republicanos, para defini-lo carácter institucional do Estado, e os debates entre centralistas e rexionalistas, para defini-la forma do Estado, non puideron resolverse durante séculos máis que pola imposición armada dun dos dous bandos. Por iso, a Guerra Civil aparece como un novo episodio histórico que “resolve” unha situación política tensa, falta de estabilidade, que as regras democráticas non foran capaces de equilibrar.

Tendo a guerra como precedente, como victoriosa *cruzada* do bando nacional, o réxime que se instaura en España pretende continua-la tarefa empezada e consolidar pola forza “unha das dúas Españas” sobre a outra. A represión é o primeiro método utilizado polos vencedores para instauralo seu réxime. De aí que os primeiros anos do franquismo sexan considerados por moitos autores como un período totalitario. Pero os máis relevantes para a nosa análise no proceso de socialización política emprendida polo franquismo para sentar algunha base de lexitimación do réxime.

3.2. O RÉXIME FRANQUISTA

A característica fundamental da socialización política do franquismo é o proceso de despolitización ó que foi sometida a poboación. Este proceso caracterizouse basicamente pola imposición de valores políticos antidemocráticos, desmobilizadores e antipartidistas. Dende o poder político, levouse a cabo unha táctica sistemática de desmobilización política e de represión de iniciativas de participación. Este proceso tivo moito éxito e, de feito, foi unha das causas máis importantes que lle permitiron ó réxime franquista durar case co-

renta anos sen a penas sobressaltos. De feito, a pasividade e a apatía política promovida polo poder político arraigou de forma considerable na nosa cultura política, e aínda constitúe actualmente a característica fundamental do noso comportamento político.

A oposición á existencia de partidos políticos pódese explicar tanto pola propia estrutura do Estado, como pola nefasta experiencia da II República. De feito, un dos factores incendiarios da Guerra Civil foi a desestabilización política xerada polas constantes unións e divisións partidistas, provocadas polo enorme número de forzas políticas existentes e fomentadas polo sistema electoral.

O sistema electoral da II República, no seu intento de impedi-la fragmentación partidista, concedíalles unhas gratificacións moi elevadas ás maiorías e penalizaba ós partidos pequenos que se presentaban coa súa propia identidade. Estes mecanismos forzaron a formación de coalicións entre partidos con diferencias ideolóxicas moi fortes. A utilidade marxinal dos votos adicionais que os pequenos partidos lle outorgaban á colición era elevadísima. Por iso, os partidos grandes premian a aqueles partidos minoritarios que accedían a coaligarse con eles cun número desproporcionado de candidatos. Isto permitíulles controlar amplos núcleos de poder e, dado que as súas posicións adoitaban ser antirrepublicanas e antidemocráticas, as coalicións tenderon cara a posicións extremas, con constantes loitas no seu interior. Deste modo, o sistema electoral, contrariamente ós desexos de quen o elaboraron, favoreceu a fragmentación partidista (interna a cada coalición) e a polarización ideolóxica (entre as dúas coalicións fundamentais, a CEDA e o Frente Popular). (Montero, Llera e Torcal, 1990, pp. 10-15).

As secuelas da estratexia antipartidista do franquismo explica en gran medida os baixos niveis de afiliación que presentan actualmente. Aínda que a iso tamén contribúe o individualismo da poboación e, especialmente, o comportamento das elites durante a transición, como se verá máis adiante.

Con todo, o carácter que mellor define a actitude do franquismo cara á política é o *cinismo*. Así, o réxime utilizou ideoloxicamente os resortes do poder para configurar unha política adecua-

da ós intereses de determinadas capas da poboación. O funcionamento político realizábase en esferas privadas, de forma que a penetración social do Estado quedaba fóra do coñecemento da opinión pública e só beneficiaba ós grupos sociais dominantes. Produciuse a combinación dun Estado “privatizado” polos intereses dos grupos de presión e unha sociedade regulamentada e intervida “dende arriba”. A poboación víase obrigada a comportarse segundo o estipulado dende o poder, esperando que nalgún momento o sistema os beneficiara dalgún modo (Del Águila, 1982, pp. 85-87).

Polo tanto, durante o réxime franquista resulta difícil falar con propiedade da existencia dunha cultura política. De feito, a estratexia política franquista foi encamiñada a destruír calquera posibilidade de cultura política⁵. Como sinala López Pintor (1981, p. 14): “non hai unha cultura política homoxénea nin tampouco pode falarse dunha cultura política ‘fragmentada’, agás forzando inutilmente o contido destes conceptos. O que existe son culturas debilmente debuxadas de réxime e oposición (ou de ‘identificación’ e ‘alienación’) con distintas subculturas dentro de cada unha delas”. Así, a “cultura política” da maioría da poboación conformaríase con algunhas crenzas moi sólidas enraizadas na tradición e fortalecidas polo réxime.

3.3. A ACELERADA INDUSTRIALIZACIÓN

O acelerado proceso de industrialización que tivo lugar nos anos sesenta é outra clave para explicar parte da nosa cultura política. As investigacións dende as ciencias sociais puxeron de manifesto moitos dos cambios estruturais provocados pola modernización económica.

Sen embargo, o desenvolvemento económico espectacular non se viu acompañado dunha transformación das estruturas sociais e políticas de idénticas características que permitiran acomodadas actitudes persoais á nova situación. Este fenómeno provocou unha anomia social colectiva da poboación; isto é, unha descolocación e un desconcerto persoal respecto das estruturas sociopolíticas. Isto facilitou aínda máis a desactivación da poboación nas cuestións políticas, aínda que tamén facilitou o posterior tránsito á democracia⁶.

3.4. A DESCOMPOSICIÓN POLÍTICA DO FRANQUISMO

A descomposición política do franquismo, cun crecente aumento das posibilidades de elaborar e manifestar opinións políticas, supuxo o comezo dun período de resocialización política moi acelerado. Este proceso resocializador veríase facilitado por dúas cuestións: o baleiro que presentaba a poboación respecto de calquera aspecto político e o seu cinismo político⁷.

3.5. A TRANSICIÓN POLÍTICA

A chegada da democracia supuxo a instauración de novas regras do xogo político, e con elas de novos modos políticos que afectaron tamén as actitudes políticas da poboación. No proceso de transición política á democracia, as elites desempeñaron un papel fundamental.

A transición foi un proceso paulatino, no que non houbo un derrumbamento brusco das autoridades do réxime anterior. De feito, non chegou a producirse un baleiro institucional, senón que o proceso de desmantelamento do réxime franquista foi realizado por autoridades e a través de institucións e procedementos legais dispostos polo propio Franco. Evidentemente, isto contribuíu a lexitimarlo proceso de democratización ós ollos dos seguidores do réxime anterior, o que aparecía como unha cuestión fundamental para a viabilidade do mesmo.

As elites do franquismo non foron apartadas en ningún momento do proceso e tomaron parte activa no mesmo a carón dos representantes das forzas políticas democráticas. Isto supuxo a necesidade de achegar posicións nas negociacións se se pretendía non deixar fóra dos acordos sectores importantes da sociedade, que podían supoñer un perigo serio para a lexitimación e a viabilidade da democracia. As negociacións foron posibles debido á adhesión das elites a dous principios fundamentais: o carácter privado das discusións e a necesidade de consensualas.

O carácter privado das discusións provocou que o discurso político se volviera inaccesible, secreto, prudente e adaptativo. De modo que o mecanismo consensual que pretendía facilitala transición pacífica e ordenada acabou por xerar un

comportamento político non público (Del Águila, 1982, p. 87). O consenso cristalizou mediante a fuxida da discusión e o debate público, o que imposibilitou unha validación democráticas das decisións (Del Águila, 1982, pp. 103-105).

A percepción que a poboación recibía destas negociacións parece ter afectado decisivamente á cultura política española. Así, a privacidade política, que xa fora tónica xeral durante o franquismo, reafirmou a pasividade e o desinterese da poboación polos asuntos políticos, inhibindo as motivacións participativas.

Sen embargo, nunha vertente positiva, o consenso logrado a base de renuncias ideolóxicas por ámbolos dous bandos parece ser unha das razóns determinantes da moderación ideolóxica dos españois.

4. CARACTERÍSTICAS DA CULTURA POLÍTICA ESPAÑOLA

Unha vez explicados os fenómenos básicos que foron conformando a nosa actual cultura política, imos describi-las súas características máis relevantes: o amplo apoio ós principios democráticos, a moderación ideolóxica e a pasividade ou apatía política⁸.

4.1. O AMPLO APOIO ÓS VALORES DEMOCRÁTICOS

Un dos trazos característicos da nosa cultura política é o alto grao de lexitimidade con que contou o réxime democrático. Dende os momentos iniciais da transición, os valores políticos da democracia gozaron dun amplo apoio entre a poboación.

A incerteza acerca das posibilidades de consolidación da democracia en España parecen terse superado. Dende os anos sesenta, esta foi un punto de interese fundamental tanto para a socioloxía como para a ciencia política. As conclusións xerais ás que se chegaba estaban en función do peso relativo que se lle concedía a dous procesos, en certo modo antagónicos, pero historicamente imbricados; as máis optimistas consideraban os aspectos positivos derivados da transformación social provocada polo desenvolvemento económico acelerado dos anos sesenta; as menos optimistas consideraban os aspectos negativos derivados do

longo proceso de socialización da poboación en valores antidemocráticos durante todo o franquismo. As previsións máis optimistas parecen se-las que mellor se viron reflectidas na cultura política dos españois.

A alternativa autoritarismo *versus* democracia, que se pendía sobre a sociedade española a mediados dos anos setenta, decantouse con sorprendente facilidade cara á segunda. Isto debeuse a un proceso de “resocialización” acelerada da poboación adulta nos valores democráticos. Neste sentido, apúntanse cuestións como a apertura económica e sociolóxica que tivo lugar no tardo-franquismo, con avances sociais importantes en materia educativa, coas influencias derivadas dos procesos migratorios e turísticos, coa “reemerxencia” paulatina de movementos sindicais, políticos e estudiantís, ou coa repercusión do II Concilio Vaticano na creba da mentalidade e estrutura nacional-católica da igrexa española. Todo isto contribuíu a configurar un clima de tolerancia e desexo de liberdade capaz de contrarrestalo proceso autoritario que pretendía perpetuar no poder a minoría “activa” identificada co franquismo (Justel, 1992, pp. 64-65).

O proceso de *resocialización política*⁹ xeral da poboación adulta pode explicarse dende dúas perspectivas. Por un lado, pode derivarse do baleiro político que presentaba a cidadanía, fomentado pola estratexia de desmobilización política levada a cabo polo réxime franquista. Isto facilitou a introducción dos valores propios dun réxime pluralista e de liberdades públicas. Por outro lado, este apoio ós valores democráticos foi tamén explicado en relación coa actitude de pasividade e apatía política xerada polo réxime anterior. É dicir, do mesmo modo que se “aceptou” a permanencia dun réxime autoritario sen a penas sobresaltos, agora aceptaríase de igual modo a democracia. Esta explicación englobaríase no que deu en chamarse *cinismo democrático* (Maravall) ou *democratismo cínico* (Botella).

Para explica-lo cinismo democrático debemos referirnos ó sentimento de eficacia e competencia política persoal¹⁰ dos cidadáns españois. A este respecto, tódolos estudos demostran que “a gran maioría dos españois non se consideran actores eficaces ou competentes no ámbito político, tanto porque non confían na súa capacidade para actuar politicamente como porque avalían negativa-

mente a receptividade do sistema e das institucións respecto ás súas demandas e á súa hipotética acción” (Benedicto, 1989, p. 660).

Ademais, a isto hai que engadirlle o “desencanto” que a poboación sufriu durante algúns momentos da transición, debido ó descontento económico. E, sen embargo, todo isto non supuxo un descenso da lexitimidade democrática. As explicacións a isto poder vir derivadas do feito de que a percepción sobre a eficacia do propio sistema democrático non ten unha relación causal sobre a lexitimidade das novas democracias. En moitas ocasións, “a afirmación da ineficacia democrática ou a expresión de sentimentos de insatisfacción polo seu funcionamento están enraizadas en motivos de desacordo ideolóxico ou partidista coas autoridades gobernamentais. [...] Só lle afecta marxinalmente ó consenso maioritario sobre a lexitimidade do réxime (Montero e Torcal, 1989, pp. 59-60).

Pero tamén podemos atopar unha razón explicativa na pasividade coa que a poboación está “acostumada” a observa-las actuacións políticas, sen unha preocupación relevante, mentres non lle afecte directa e visiblemente á súa propia situación persoal. Así, as relacións entre Estado e sociedade veñen caracterizadas pola busca do amparo e a protección estatal para todo tipo de actividades. Isto xera unha dinámica pola que a sociedade se ampara permanentemente no Estado, e este pretende controlar tódolos ámbitos sociais para “lexitimarse”. A lexitimidade do sistema político estaría así fortemente sustentada por unha relación de dependencia da sociedade (organizacións e individuos) respecto do Estado, e non tanto sobre os principios democráticos. O Estado aparecería así como “unha maquinaria por enriba dos ‘súbditos’ da que estes esperan a solución para os principais problemas que lles preocupan e ó que culpan de tódolos males que lles afectan” (Morán e Benedicto, 1995, p. 131).

En calquera caso, de forma xeral, podemos concluír que “o réxime democrático goza dun alto grao de lexitimación abstracto, sendo esta maioritaria —cando non masiva— en tódolos ámbitos sociais, políticos, culturais e ideolóxicos” (Benedicto, 1989, p. 665). E aínda que non podemos afirmar que a actual cultura política española está impregnada dunha sólida base de actitudes democráticas, pódese afirmar que as pautas culturais de

apoio á democracia parecen bastante afianzadas na nosa sociedade.

4.2. A MODERACIÓN IDEOLÓXICA

A moderación ideolóxica e de actitudes da poboación española aparece como outra das características fundamentais da súa cultura política. Para explicar este fenómeno temos que remitirnos de novo ós profundos cambios producidos durante o proceso de “resocialización” política adulta e ó papel das elites durante a transición.

A moderación da poboación viuse favorecida (aínda que non fora un efecto conscientemente buscado) pola despolitización levada a cabo durante o franquismo. A imposibilidade de que existiran forzas políticas importantes somerxeu á sociedade no apoliticismo e evitou calquera tipo de tensión ideolóxica. Isto traducíuse nos últimos anos do réxime en actitudes políticas moderadas. De feito, a moderación aparece como unha actitude enraizada socialmente e non como unha expresión provisional duns cidadáns temerosos ante a incerteza dos cambios políticos, ou suxeitos a un proceso fluído de cambios de actitudes (Montero e Torcal, 1989, p. 46).

A moderación ideolóxica dos españois resulta coherente coas súas tendencias valorativas. Así, a poboación española caracterízase por un apoio maioritario ás orientacións reformistas e por unha débil orientación radical ou revolucionaria con respecto ó cambio social. Este talante reformista aparece explicado por Linz de acordo coa débil lexitimación da orde social e coa falta de sedimentación da sociedade española, resultado ámbolado do desenvolvemento económico extremadamente acelerado. Ademais, tamén se caracteriza por un difuso anticapitalismo, de raíces heteroxéneas, que non é patrimonio da esquerda, e que resulta compatible con actitudes moderadas e incluso conservadoras. Prodúcese unha aceptación das estruturas intermedias do sistema económico (sindicatos e empresas) combinada cunha difusa lexitimidade do capitalismo e coas percepcións críticas sobre o seu funcionamento (Montero e Torcal, 1989, pp. 43-52).

Ademais, como xa se apuntou, o comportamento das elites políticas resultou absolutamente decisivo para consolida-la moderación xeral de toda a poboación. “A través de negociacións in-

terpartidistas consensuais, pragmáticas e despolarizadoras, os novos líderes foron capaces de conducir con éxito o curso da transición e de dotar, á vez, de doses elevadas de lexitimidade ó sistema político” (Montero e Torcal, 1990, p. 43).

Un aspecto fundamental no proceso moderador da vida política española foi a *secularización* da sociedade, que axudou a diminuí-la intensidade dos conflitos políticos. “O proceso de secularización foi posible gracias ós efectos acumulativos do desenvolvemento económico e o crecemento da renda *per cápita*, a industrialización e a transformación das forzas de traballo, a urbanización e a difusión dunha mentalidade moderna, o xurdimento das novas clases medias e a cristalización de novos valores, usos ou comportamentos sociais” (Montero, 1986, p. 133). Sen embargo, algúns analistas da transición aínda temían que o sistema democrático se vése dificultado ou fose impedido pola revitalización dun novo conflito relixioso.

Pero, “as elites políticas e eclesiásticas lograron evita-lo xurdimento de conflitos de índole relixiosa” (Montero, 1986, p. 136). As elites políticas contribuíron a iso “mediante os procedementos consensuais na redacción da Constitución, a súa negativa explícita a construí-los partidos sobre a base de organizacións católicas, a diminución das tensións ideolóxicas na negociación das súas diverxencias coa igrexa e a moderación exhibida ante as esporádicas intervencións públicas da xerarquía eclesiástica” (Montero, 1986, p. 136). As elites eclesiásticas, pola súa parte, contribuíron co “seu apoio ó proceso democratizador, cunha similar moderación no tratamento das súas diferencias coa elite política e, facendo da necesidade virtude, coa súa falta de apoio ós intentos electorais dos partidos democristianos” (Montero, 1986, p. 136). Estas actitudes resultaron especialmente importantes á vista da aparente división da sociedade española en cuestións relixiosas.

Polo tanto, a moderación ideolóxica da sociedade española parece responder á confluencia de dúas cuestións: o propio sistema de valores da poboación (moi marcado polo apoliticismo) e o comportamento das elites durante a transición. Ámbalas dúas cuestións contribuíron a facilitar as relacións políticas e afastarnos da intolerancia política que tantos séculos nos acompañou.

4.3. A PASIVIDADE OU APATÍA POLÍTICA

O terceiro trazo definidor da cultura política dos españois é a pasividade política, sinalado por algún autor como o seu *trazo* definidor (Botella). A pasividade política ten a súa orixe no distanciamento da política e dos políticos dos cidadáns. Este proceso de afastamento foi cultivado polos dirixentes do réxime franquista, e viuse reforzado, en certo modo, durante a transición debido ó papel desempeñado polas elites, que deixou en segundo plano a intervención dos cidadáns nas decisións políticas. A importancia do comportamento das elites viuse acrecentada se temos en conta que a transición política foi un período no que se estaba producindo unha importante readaptación das actitudes. Isto xerou na poboación a “percepción da actividade política como un dominio virtualmente reservado ós políticos” (Montero e Torcal, 1990, p. 64). Incluso as eleccións empezaron a ser consideradas máis como un mercado político que como a decisión popular sobre alternativas reais.

Os elementos psicosociais que explican a débil implicación política subxectiva son os sentimentos de impotencia e confusión sobre os problemas políticos, a relevancia das actitudes desconfiadas e cínicas cara ós políticos e a baixa identificación partidista. De feito, “a maioría dos cidadáns españois concibe a súa relación co mundo político dende unha posición de afastamento, descontento e impotencia” (Morán e Benedicto, 1995, p. 44). Estas actitudes subxectivas de desinterese e indiferencia cara á política derivanse da percepción que ten a poboación da súa incapacidade para actuar politicamente, da falta de sensibilidade e receptividade do sistema polas demandas sociais (eficacia política) e da súa idea de que os políticos se preocupan exclusivamente polos seus intereses persoais (escepticismo crítico cara á clase política).

A tradución lóxica destas actitudes é unha falta de integración e/ou identificación cos partidos políticos (elementos básicos de participación política nas actuais democracias). Aínda que durante os anos oitenta se estenderon actitudes favorables cara ós partidos políticos, ó consideralos canles de participación democrática dos cidadáns e instrumentos de defensa de intereses de

grupo ou de clase social, nos últimos anos estenderon bastantes actitudes críticas sobre eles, na mesma liña que as críticas cara á clase política.

Xunto ó comportamento das elites durante a transición, debemos considerar tamén o legado franquista, caracterizado pola despolitización da sociedade, ó impedi-la participación e as iniciativas políticas e renegar dos partidos. E tampouco debemos esquecer os profundos cambios socioeconómicos vividos dende 1960, que contribuíron a que a realidade social e política se percibira con desconcerto, dada a falta de marcos de referencia estables para a poboación.

A valoración da pasividade política da sociedade española como un elemento negativo para a calidade do sistema democrático resulta evidente. Aínda aceptando a conservadora tese da pertinencia de que a participación non debe ser masiva, polo perigo de sobrecarga (overload) que puidera sufrilo o sistema político, o caso español non deixa lugar a dúbidas, xa que os niveis de participación son ínfimos¹¹. A democracia política logra o seu pleno sentido como democracia participativa. Pero para que a participación política poida facerse efectiva debe darse a combinación dun sentimento de obriga cívica (deber de participar) dos cidadáns cun sentimento de competencia e eficacia persoal (poder tomar parte). Se algún destes dous elementos non está presente, o mecanismo participativo quebra e, no caso que nos ocupa, considero que, en maior ou menor medida, ámbolos dous elementos están ausentes.

A este respecto hai que sinalar que nas sociedades industriais avanzadas se está producindo un cambio cultural¹² que deriva en novos valores e en novas canles de participación. Estase producindo unha crise de representatividade dos partidos políticos, debido a que as aliacións dos partidos tradicionais xa non se corresponden coa nova estrutura das bases sociais. Están xurdindo movementos sociais (pacifismo, feminismo, ecoloxismo) que están a converterse no instrumento de defensa dos intereses políticos da sociedade. Intereses que xa non responden á cultura materialista, senón ó que Inglehart denominou a cultura post-materialista.

En España, a falta de identificación partidista non se viu suplida por estes novos referentes (coa excepción do País Vasco), senón que demostra a existencia dunha sociedade civil desartellada po-

liticamente. Aínda que é certo que o noso país non presenta as características establecidas por Inglehart como propias dunha sociedade industrial avanzada¹³. En calquera caso, parece que estamos de novo ante o reflexo do individualismo insolidario referido ó inicio deste ensaio¹⁴.

5. EPÍLOGO

A actual cultura política española caracterízase basicamente pola moderación ideolóxica, o apoio ós valores democráticos e a pasividade política. Estas características teñen a súa orixe en arraigados trazos da personalidade colectiva (individualismo insolidario), prácticas políticas tradicionais (amiguismo e caciquismo) e na recente historia política do país (o franquismo e a transición), con especial relevancia da privacidade política practicada polas elites.

Todos estes fenómenos afectan decisivamente á calidade do noso sistema democrático. Non podemos esquecer que a cultura política “constitúe un dos compoñentes imprescindibles para o mantemento e consolidación dos réximes democráticos” (Morán e Benedicto, 1995, p. IX). Ademais, isto vese reforzado polo feito de que “agora, os factores circunstanciais parecen estar facendo que a cultura sexa un factor cada vez máis importante na política” (Inglehart, 1991, p. 484)¹⁵.

A pesar de que unha análise superficial da nosa cultura política adoita levarnos a descubrir semellanzas importantes co comportamento político das sociedades democráticas occidentais¹⁶, considero que no noso país se fai necesario o deseño de marcos suficientes de participación política, como unha garantía para unha democratización real da sociedade. Un dos obxectivos prioritarios a este respecto debe ser a diminución das desigualdades sociais, xa que estas “tenden a traducirse de maneira bastante directa en desigualdades de acceso ós mecanismos de participación” (Morán e Benedicto, 1995, p. 83).

Por outro lado, o feito de que os cidadáns conecten estreitamente o grao de democracia co desenvolvemento económico fai pensar na “existencia dun modelo que vincula o sistema democrático coa idea de benestar e desenvolvemento económico” (Morán e Benedicto, 1995, p. 106). Isto supón que unha grave crise económica podería provocar unha importante crise de lexitimi-

midade do sistema democrático. Por iso, só a participación efectiva dos cidadáns nas tarefas políticas, económicas e sociais poderá facer irreversible o proceso democratizador ó implicar a toda a sociedade no proxecto democrático. Unha cultura política participativa resulta imprescindible para establece-la necesaria relación entre efectividade e lexitimidade de calquera Estado democrático.

NOTAS

1. Entendida como “a estrutura resultante da articulación dos diferentes procesos de relación que os cidadáns manteñen co político en xeral e co sistema político en particular” (Bean, 1993, recollido en Morán e Benedicto, 1995, p. 30). A cultura política introdúcese no individuo a través do proceso de socialización política, que intenta lexitimalo sistema político establecido.
2. “O individualismo é un fenómeno bastante pronunciado en España e contribúe a que se dean unhas taxas baixas de afiliación a asociacións secundarias, un nivel relativamente baixo de compromiso cívico e modelos de liderato inestables nos partidos” (Gunther, 1992, p. 14).
3. Poden consultarse, por exemplo, os traballos periódicos de López Pintor (1975, 1981, 1982), entre outros.
4. Os caciques eran persoas notables dunha localidade que gozaban de prestixio e, ás veces, eran economicamente poderosas. O seu poder derivaba da habilidade que tiñan para actuaren como mediadores entre os intereses locais e a administración. Ademais, o seu dominio do electorado baseábase tamén no analfabetismo dunha gran parte da poboación e no illamento das poboacións pequenas respecto ós centros do poder político.
5. Como moi ben sintetizan Morán e Benedicto (1995, p. 71), “esta mentalidade negativista da política que se pode rastrexar aínda en moitos compoñentes da cultura política da nosa democracia actual explica o ambiente de despolitización, cando non de antipoliticismo, no que se socializaron a meirande parte das xeracións posteriores á guerra civil”.
6. Neste sentido pódese afirmar que “o desenvolvemento económico *per se* non conduce necesariamente á democracia; só fomenta a viabilidade das institucións democráticas na medida en que comporta cambios apropiados na estrutura social e a cultura política “ (Inglehart, 1991, p. 37). Pero, “malia que o desenvolvemento económico non crea automaticamente democracia, parece ir unido a cambios socioculturais que tenden a reforzalas súas posibilidades (Inglehart, 1991, p. 39).
7. Neste contexto, o cinismo político fai referencia á facilidade de acomodación da poboación a un réxime político (plasticidade das actitudes), independentemente dos seus elementos definidores e co único obxectivo de estabilizala súa situación particular.
8. Esta forma de presentación non debe facernos pensar que as características dunha determinada cultura política poden entenderse como a xustaposición dunha serie de elementos máis ou menos relacionados entre si, senón que debemos entendela “como unha estrutura dimensional na que se artellan diferentes compoñentes que manteñen estreitos nexos de unión entre eles” (Morán e Benedicto, 1995, p. X).
9. Unha breve pero interesante aproximación ó tema da resocialización política da poboación adulta española atópase no artigo de M. Justel (1992): “Edad y cultura política”. Neste artigo, o autor analiza a evolución dalgúns aspectos da cultura política española durante os anos oitenta. Consta o apoio maioritario ós valores políticos democráticos en tódolos grupos de idade. Nos grupos de idade máis avanzada, a adhesión crecente á democracia parece deberse basicamente a un grao notable de plasticidade actitudinal (cinismo político), e entre as máis novas débese basicamente ó crecente nivel educativo.
10. Este elemento foi considerado como compoñente básico da mediación entre cidadán e política nun sistema democrático (Almond e Vera, 1970).
11. Abonda con sinalar que “cabe afirmar que oito de cada dez españois manteñen unha clara posición de inactividade política” (Morán e Benedicto, 1995, p. 80).
12. O cambio cultural foi estudado por Inglehart (1977, 1991). Este autor constatou un cambio de valores nas sociedades industriais avanzadas. Este cambio consiste nun paso dunha cultura materialista a outra posmaterialista.
13. O cambio cultural en España foi estudado por Torcal (1992, p. 114). A principal conclusión á que chega é que a nosa sociedade “evoluciona rapidamente cara a valores posmaterialistas, pero mantén

- aínda unha carga importante de valores relacionados con *cleavages* materialistas”. Este feito débese á combinación dun desenvolvemento económico acelerado cunhas estruturas sociais e políticas estáticas.
14. Neste sentido, Montero e Torcal (1990, p. 71) afirman que “a apatía, a indiferencia, a insolidariedade e a ineficacia para a acción colectiva resultan incompatibles cunha participación efectiva que institucionalice un auténtico pluralismo dinámico”.
 15. Inglehart xustifica a inclusión da *variable cultural* no estudio dos procesos sociopolíticos, en gran medida, polo relativo fracaso da análise da acción racional na explicación dos devanditos procesos.
 16. Unha variable tan relevante como a implicación persoal na política demostra en certa medida o espellismo que supón esta conclusión. Así, “a porcentaxe de españois que manifesta sentirse interesado nas cuestións políticas vén sendo aproximadamente a metade da que mantén esta mesma postura na maioría dos países da Comunidade Europea” (Morán e Benedicto, 1995, p. 55). Este dato é fundamental xa que o interese polos temas políticos actúa como “prerrequisito fundamental da participación política dos cidadáns” (Morán e Benedicto, 1995, p. 83).
- ### BIBLIOGRAFÍA
- ÁGUILA, R. DEL (1982): “Partidos, democracia y apatía: Una interpretación”, *REP*, N. 30, pp. 81-109.
- ALMOND, G.; VERBA, S. (1970): *La cultura cívica*. Madrid: Euroamérica.
- BENEDICTO, J. (1989): “Sistemas de valores y pautas de cultura política predominantes en la sociedad española (1976-1985), en J.F. Tezanos, R. Cotarelo e A. De Blas [ed.]: *La transición política española*. Madrid: Sistema.
- CAZORLA, J. (1990): “La cultura política en España”, en S. Giner [ed.]: *España: Sociedad y política*. Madrid: Espasa-Calpe.
- GUNTHER, R. (1992): *Política y cultura en España*. Madrid: Centro de Estudios Constitucionales.
- INGLEHART, R. (1991): *El cambio cultural en las sociedades industriales avanzadas*. Madrid: CIS.
- JUSTEL, M. (1992): “Edad y cultura política”, *REIS*, N. 58, pp. 57-96.
- LÓPEZ PINTOR, R. (1975): *Los españoles de los años setenta. Una versión sociológica*. Madrid: Tecnos.
- LÓPEZ PINTOR, R. (1981): “El estado de la opinión pública española y la transición a la democracia”, *REIS*, N. 13, pp. 7-47.
- LÓPEZ PINTOR, R. (1983): “Actitudes políticas y comportamiento electoral en España”, *REP*, N. 34, pp. 9-39.
- LÓPEZ PINTOR, R. (1991): “Opinión pública, valores y cultura política en España”, en J. Vidal-Beneyto [ed.]: *España a debate*. Madrid: Tecnos.
- LÓPEZ PINTOR, R.; WERT, J.I. (1982): “La otra España. Insolidaridad e intolerancia en la tradición político-cultural española”, *REIS*, N. 19, pp. 7-25.
- MONTERO, J.R. (1986): “Iglesia, secularización y comportamiento político en España”, *REIS*, N. 24, pp. 131-159.
- MONTERO, J.R.; LLERA, F.; TORCAL, M. (1990): “Sistemas electorales en España: Una recapitulación”, *REIS*, N. 58, pp. 7-56.
- MONTERO, J.R.; TORCAL, M. (1990): “La cultura política de los españoles: Pautas de continuidad y cambio”, *Sistema*, N. 99, pp. 39-74.
- MORÁN, M.L.; BENEDICTO, J. (1995): *La cultura política de los españoles. Un ensayo de reinterpretación*. Madrid: CIS.
- TORCAL, M. (1992): “Análisis dimensional y estudio de valores: El cambio cultural en España”, *REIS*, N. 58, pp. 97-122.